

## BAILES MODERNOS



## JOVEN... DIVIERTETE de OTRA MANERA

Rara etapa estamos a vivir, cunha crise que non era tal, senón desaceleración e pasou a ser recesión e, mentres o número de parados aumenta os gurús do modelo fracasado din que a solución é seguir consumindo. O modelo Eluana feito tese económica.

Cómpre lembrar que o gran mérito do PSOE na súa longa traxectoria de desmobilización da esquerda foi convencer á xente de que tod@s somos crase media, por iso non é de estrañar que hoxe insistan en que segue a festa, por máis que cada día haxa seis mil e pico novas feas do baile, arrombadas nas colas do INEM. Curioso sistema que pretende recuperarse botando na cara dos desfavorecidos a desigualdade que sofren. ¿Cal será o segredo en termos macroeconómicos do que, así, de andar por

casa, só podería xerar frustración e odio de crase?

Namentres, a refundación do capitalismo que propuxera Sarkozy e na que tantas esperanzas depositara Zapatero quedou reducida a unha inxección masiva de diñeiro á Banca (velai: refundar, aportar fondos) que pese a obter inmensos beneficios e primar obscenamente aos seus altos executivos a súa nefasta xestión, entoa o “é a miña festa e se quero choro” e nega o crédito ás familias e as pymes, aumentando o paro e impedindo a moitos cidadáns o cumprimento do deber cívico de consumir.

¿E que pasa por aí fóra? Pois que xa comeza a oírse a tonadilla xenófoba de “a festa non é para os feos”, tanto en Italia, que leva vantaxe ao resto de Europa, mesmo con proxectos de ordenanza municipal que prohiben recoller comida dos contedores de lixo, como en Inglaterra, onde curiosamente algúns dos traballadores a discriminar son precisamente italianos. Nun mundo con fronteiras tod@s somos extranxeir@s.

Mais, en fin, non todo vai ser desesperación, sempre nos quedará o consolo dos clásicos: por unha parte en Atenas resoa no aire o “colei na túa festa”, ata o punto de que a prensa burguesa pretende identificar a revolta social d@

compañeir@s greg@s con puro afán de saqueo, o que non sería outra cousa que segui-la consigna oficial de consumir; por outra, lembrar a Proudhon (nacido hai 200 anos) que dixo aquilo de que “a suma da vosa miseria actual é a suma do benestar que vos arrebatou o capital”.


Se o capital, sistema que nunca chegou funcionar sen basearse na explotación e na miseria, no que o éxito duns require o fracaso doutros moitos, que “rematou” coa escravitude para amplia-lo mercado, xa que vira unha fonte adicional de negocio no potencial consumidor dos asalariados, aos que seguía a explotar como traballadores se cambalea, non precisa refundación, senón un bo empuxón no sentido axeitado.

Se a coitada Eluana, en vez de consumir forzada e pasivamente ou morrer puidese arrancarse os tubos, moverse e toma-las súas propias decisións, non sería tan indignamente utilizada polo goberno, a igrexa e a prensa. Se os consumidores, contribuíntes, hipotecados, traballadores en activo ou non deixaran de lado todo ese lastre que o Sistema lle ten colgado e se reafirmasen na súa compoñente humana, non habería poder capaz de detelos.

Compañeir@s, bailemos. Eluana, descansa.

# REGANOSA DEMOLIZON


www.reganosademolizon.org



## Ou Comité ou Cidadán ?

A xestión da loita contra Reganosa

Lamentablemente, a guerra contra o caciquismo e as súas desfeitas ten unha longa historia na Galiza. Se consideramos estas loitas a longo prazo, quizais o obxectivo non sexa só unicamente o de conseguir deter as agresións que padecemos, senón tamén, e ao tempo, tirar as leccións que poidan servirmos para facer fronte ás seguintes batallas. Ao cabo, dous socios de Reganosa como son Endesa e Fenosa teñen un longo historial de agresións contra o noso medio ambiente e contra a vida das nosas xentes; lamentablemente, estas empresas insisten na súa falta de respecto ás persoas e ao medio ambiente, e loitas semellantes ás de As Encrobas, ou contra a térmica de As Pontes, agardannos nun futuro non moi lonxano. A análise de como se está a xestionar a mobilización contra Reganosa pode servirmos tanto para continuar a pelexar contra a instalación desta planta de gas como para novas e inevitabeis loitas contra estes inimigos.



Unha primeira e previa consideración sobre o asunto debería ser a de sinalar e recoñecer a capacidade de soste unha mobilización destas características por un longo período de tempo, e con accións de certo éxito social, conquerindo múltiples apoios ao longo de toda a xeografía galega e mesmo fora do país. É de xustiza sinalar que estes logros foron conqueridos polo Comité Cidadán de Emerxencia, que iniciou a súa andaina practicamente ao tempo que saía á luz o proxecto caciquil de Tojeiro e Fraga na nosa Ría. Mais tamén é verdade que Reganosa está actualmente en funcionamento, o que significa que todas aquelas persoas que estamos en contra da planta de gas estamos sendo derrotados, e cumpre ver se fixemos todo o que podemos neste asunto e se o temos feito do millor modo posible.

O movemento contra a planta de gas de Reganosa en Mugarbos parte dunha dinámica social tremendamente complexa, xa que nel conflúen moitas e moi diferentes sensibilidades: entre elas cabería destacara a dos traballadores e traballadores do marisqueo que ven peligrar os seus postos de traballo, a das veciñas e veciños de Mugarbos que padecen a invasión da empresa gasística, a dos grupos de corte ecolóxico ou anticapitalista que rexeitan o modelo enerxético e de crecemento que o gas representa, ou a dos veciños e veciñas da bisbarra que ven un perigo para a súa seguridade nesta instalación.

E o primeiro aspecto que “choca” do Comité Cidadán de Emerxencia é que optou dende os seus inicios por privilexiar o tema da seguridade en detrimento das outras perspectivas. Por cuestións estratéxicas (segundo as declaracións de persoas que integran o Comité), decidiuse centrar o combate na cuestión do perigo que Reganosa significaba para a cidadanía da ría de Ferrol. Deste xeito, optouse por facer unha loita “parcial” contra Reganosa en troques de establecer unha estratexia “integral” en contra desta instalación. E o problema non foi únicamente privilexiar a cuestión da seguridade, senón que o Comité mesmo adoptou posturas inasumíbeis por outros opositores a Reganosa, como foi a decisión de considerar a planta de gas como un proxecto necesario mais erroneamente ubicado por cuestións de interese empresarial. Ao cabo, foi unha postura tan pouco intelixente coma se os veciños de Mugarbos dixeran que Reganosa non destrúe bancos marisqueiros, se os ecoloxistas ou anticapitalistas manifestaran que Reganosa é beneficiosa para os veciños de Mugarbos, ou se os mariscadores asumiran publicamente que Reganosa é segura para a cidadanía de toda a bisbarra.

Continúa no interior.

## Gaza non é Gazprom

Mentres en parte de Europa pasábase frío polo peche na subministración de gas ruso, en Gaza a política de exterminio de Israel seguía cobrándose centos de vidas. Máis aló das fantasías sionistas da aniquilación de Hamas e o asedio e posterior sometemento da franxa, entre os múltiples vértices do conflito, hai un que pasa bastante desapercibido. Os campos de gas existentes en augas de Gaza dos que Israel pretende abastecerse e polos que está en disputa desde fai anos a pesar de que internacionalmente se recoñece a súa pertenza á xurisdición marítima Palestina. Entre os obxectivos do sangunto imaxinario sionista está tamén o de tomar control estratéxico sobre estes xacementos gasísticos que servirían, segundo din, para financiar a Hamas. É por isto que Exipto, unha vez reforzado o peche no cruzamento de Rafah, continúa bombeando gas a Israel a un prezo 12 veces máis baixo que o do mercado. E é que Gaza, agora asediada, nin sequera posúe como Gazprom, a chave da billa.



**No interior:**  
Construíndo outros mundos alén deste.  
Breves Humor Reseñas Convocatorias

Ven da páxina anterior.

O déficit democrático das sociedades industrializadas é causa e culpa dos desastres que enunciámos. Baixo o paraguas da lexitimidade democrática que cada catro anos obteñen os políticos ao servizo do capital cométense e conséntense todo tipo de atropelos. É pois necesario camiñar de cara a un modelo social de organización en rede que baseado no local profunde na democracia directa e horizontal.

Apuntamos algunhas cuestións do anarquismo clásico que poden axudarnos a esbozar unha liña de pensamento e acción. É necesario falar do desmantelamento industrial e a descentralización dos medios de produción á escala do local e o humanamente abarcable que promovan a autosuficiencia e a autoxestión responsable dos recursos e do medio natural como modelo alternativo á centralización e concentración do modelo actual. A democracia directa e horizontal que posibilite o control na toma de decisións á cidadanía de forma plenamente responsable. O apoio mutuo en liberdade como forma de substitución do individualismo consumista pola reutilización, a reciclaxe e os servizos comunitarios. Temos tamén que reformular o concepto de traballo cara a súa abolición ou transformación en tarefas sociais e reivindicar o lecer e a vida tranquila para cambiar a palabra futuro por todo o tempo de mundo...

Continuará no próximo número con: **Ante a crise, unidade, acción e autoxestión.**



**REGANOSA DEMOLIZON**  
www.reganosademolizon.org

Os contidos deste boletín son complementarios dos do blogue [reganosademolizon.org](http://reganosademolizon.org)

A campaña **Reganosa Demolizón** é coordinada dende o **Espazo Libertario** (Avda. De Esteiro -10, baixo)



Ven da páxina anterior.

A postura de ofrecer unha alternativa á ubicación de Reganosa no porto exterior (aínda está o lema nalgunha páxina do Comité: “Planta de gas no litoral exterior...SI!”) tivo varios efectos. Un deles, que probablemente sería buscado polos seus promotores, foi o de camiñar cara a situar ao Comité nunha postura moderada, lonxe de radicalismos. Outro efecto, posiblemente tamén buscado, foi o de afastar do Comité a algúns grupos que se opoñían á planta de gas en calquera ubicación e que quizais tiñan unha postura que se podería denominar como “radical”. E un outro efecto aínda máis pernicioso foi o de ofrecer a Reganosa e aos seus empregados algúns argumentos que contribuíron a desprestixiar ao Comité e con el á loita contra Reganosa: que o Comité estaba patrocinado por ENAGAS, que o Comité estaba a favor do porto exterior malia grave impacto ecolóxico, que era un problema de envexa de Ferrol contra Mugardos, e toda unha serie de falaces interpretacións... Unha situación que aínda foi empiorada por Manuel Cendán un membro do Comité Cidadán que se permitiu a “boutade” de propoñer como alternativa á planta de gas de Punta Promontorio, ao chamado “superporto árbato” co que agora queren desfacer a ría de Ares. Aquí faise bo o dito de “o sono da razón produce monstros”, xa que comeza un opoñéndose a unha desfeita como a da planta de gas de Punta Promontorio e remata por xustificar outras dúas desfeitas como son o porto exterior en Caneliñas e o famoso “superporto árbato”.



En canto aos métodos de acción adoptados polo Comité, tamén houbo un claro desequilibrio entre a vía legal e a vía reivindicativa. A procura da “respectabilidade” e da “moderación” levou ao Comité a privilexiar a vía legal sobre as outras vías de loita contra Reganosa. Malia

anteriores como o do pantano de Itoiz, en funcionamento con sentencias en contra dos tribunais europeos, a vía legal se privilexiou diante doutras opcións reivindicativas. E o tempo foi demostrando que estas vías reivindicativas, menos “respectábeis” e menos “moderadas”, foron as que significaron os maiores avances da mobilización: a protesta dos mariscadores contra a entrada de gaseiros, e o peche dos veciños de Meha. Foron outros colectivos distintos do Comité Cidadán os que levaron adiante estas protestas e os que conseguiron que o problema de Reganosa fora coñecido fora do noso pequeno ámbito de actuación.

Cumpré resaltar tamén na actuación do Comité a insistencia en privilexiar os apoios individuais á mobilización, sobrevalorando a presenza de “persoeiros” que apoiaban a loita contra Reganosa, en detrimento do protagonismo colectivo e cidadán. O Comité publicitou amplamente a postura contraria a Reganosa do xeneral Gabeiras e mesmo o converteu nun “martir” da mobilización xunto ao tamén falecido Carmelo Teixeira. Sen desprezar a Gabeiras nin ao activo Carmelo Teixeira, resulta un pouco paradoxo que un Comité de Emerxencia dedique varios dos seus actos reivindicativos á lembranza de algúns dos seus integrantes falecidos. Tanto máis cando se da a curiosa situación de que o apoio colectivo de organizacións como Nos-Up foi menospreciado públicamente nalgun acto do Comité.

Esta última cuestión marca unha das leccións importantes da mobilización contra Reganosa: a loita contra a empresa gasística foi entendida polo Comité Cidadán como o traballo dun grupo reducido de persoas. O prestixio persoal, a capacidade de avogados, enxeñeiros ou técnicos doutro tipo, e o traballo de músicos, artistas e poetas, foron as armas que se quixeron erguer contra Reganosa. E todo elo redundou nun certo desprezo pola vía reivindicativa e na capacidade colectiva de mobilización de toda a cidadanía da bisbarra.

Quen coñece un pouco o que é a loita contra Reganosa sabe moi ben que a presenza no Comité dun elevado número de membros da Asociación “Fuco Buxán” é a chave que nos permite entender algúns dos erros estratéxicos que estamos a sinalar. En primeiro lugar pola

orixe histórica dos integrantes desta asociación, criados no vangardismo leninista e ancorados nas mobilizacións do 72; a súa actuación no Comité Cidadán de Emerxencia responde ao modelo de manipulación dos movementos sociais protagonizado no último tercio do século XX, primeiro polo PC e despois polo BNG. Resulta lóxico que aínda perviva parte desa esquerda prehistórica e anquilosada que confunde unha mobilización popular co traballo dun grupo elitista de técnicos e persoalidades que dirixen ás masas. O que resulta lamentable é a incapacidade do movemento asociativo da bisbarra de Ferrol para superar ese modelo de mobilización e ser quen de construír un auténtico movemento cidadán de oposición á planta de gas de Reganosa. Como precedente desa sorprendente incapacidade temos xa a experiencia da Plataforma “Nunca Mais”, que en Ferrol nunca chegou a ser un organismo vivo senón a correa de transmisión das iniciativas xeradas en Compostela e transmitidas á bisbarra pola xente do BNG. Nesta ocasión, o Comité Cidadán ergueuse como xenuino representante da vontade popular e fixo e desfixo a praza en todo o relativo ás mobilizacións contra a pranta de gas. Creado no ano 2001, o Comité nunca tivo a preocupación de constituírse de xeito democrático, nin os centos de asociacións da bisbarra que (segundo parece) o integran tiveron a preocupación de que o Comité fora representativo dos distintos grupos e sensibilidades presentes na mobilización contra a planta de gas.



As asembleas cidadáns tampouco se chegaron a converter en órgano decisorio na loita contra Reganosa, porque ao Comité Cidadán lle interesou convertelas nunha especie de plebiscitos sobre a bondade das súas iniciativas. A xestión destas asembleas foi bem característica do desprezo com que foron tratadas polo Comité: non había posibilidade de que foran autoconvocadas, non existía mesa de discusión, non había orde do día, e non se presentaban propostas á asemblea, senón que a cousa comezaba cun pesado informe do “Comité Central” e continuaba coa presentación das novas iniciativas do Comité. A hipersensibilidade diante das críticas e a escasa vontade de tomar en conta outras opinións distintas ás do Comité converteron as escasas asembleas (non chegaron a dez ao longo de máis de 7 anos!!!) en intrascendentes e desmobilizadoras.

Ao longo do tempo ficou amplamente demostrado que o Comité nunca tivo a intención de representar a un movemento cidadán de base, senón que quixo suplantalo. A negativa a constituírse democráticamente e a converter as asembleas en órganos decisorios, o indica claramente. Mais o conxunto de persoas e asociacións que foron implicándose na loita contra Reganosa foron ao tempo incapaces de impulsar a democratización do Comité, de dotar de contidos as asembleas, e de impulsar a mobilización máis aló de onde se chegou. Cumpré, polo tanto, asumir a nosa parte de culpa na situación actual e cumpré, sobre todo, ser quen de tentar cambiar as cousas, para esta mobilización a para todas as que virán no futuro.

En canto ao Comité Cidadán, o futuro que lle espera está meridianamente claro: converterse nunha oficina de xestión burocrática alonxada da mobilización e das preocupacións da cidadanía. Rematará sendo o mesmo que representa hoxe unha suposta Plataforma “Nunca Mais” con respecto ao movemento social que foi no seu día: unha marca rexistrada para explotar en beneficio duns poucos.

## Galiza Non Se Vende !

O 15 de Febreiro terá lugar en Compostela unha nova manifestación nacional da Rede Galiza Non Se Vende. Será ás 12:00 na Alameda. Dende o Espazo Libertario estamos a organizar un bus que sairá de Ferrol e parará en Pontedeume a recoller xente. Se queres vir con nós, ponte en contacto en reganosademolizon@gmail.com ou pasando polo local.

## En marcha a Rede de Troco de Ferrol

Despois do primeiro mercado de troco organizado en decembro, a rede de troco de Ferrol está a organizar o segundo mercado para o 15 de febreiro na praza vella de Ferrol vello. Ademais porá en marcha unha páxina web na que será posible poñer anuncios e realizar trocos en liña ( www.trocaferrol .org).

A iniciativa pretende sensibilizar e poñer en práctica alternativas fronte ao consumismo desmesurado que está a levar á desaparición de múltiples recursos no planeta. Trátase de darlle pulo a opcións de consumo e economía social máis respetuosas e verdadeiramente sustentables facendo fincapé na reutilización antes que no malgasto. Unha iniciativa para un cambio de mentalidade e por un modelo económico descapitalizado máis cercano ás persoas e sempre en equilibrio coa natureza.

## CONSTRUÍNDO OUTROS MUNDOS MÁIS ALÓ DESTE

Unha proposta libertaria ante a crise sistémica

### A insostenibilidade do sistema capitalista

O actual sistema capitalista susténtase na falacia de non contemplar a finitude dos recursos existentes no planeta e pasa por alto que o consumo desaforado pode chegar a pór en serios apuros o equilibrio ambiental e consecuentemente as bases mesmas do constante crecemento no que se fundamenta. Non só no que se refire á cuestión enerxética, senón tamén ao uso xeral que se fai dos recursos. A fe cega na industrialización e a tecnoloxía está a promover un desmesurado desenvolvemento con grandes complexos urbanos e industriais que posibilitan as grandes concentracións de poder empresarial que dan de soporte ao estado.

A confianza na mecanización e a tecnoloxía foi asumida orixinariamente por moitos precursores do pensamento político que derivou na presente sociedade industrializada como a forza que liberaría á clase traballadora da escravitude ao traballo. Desde o Marxismo ao pensamento liberal proclámase esta infinita fe na industrialización deixando de lado as repercusións destas actividades no medio no que se realizan.

O discurso actual dos movementos ecoloxistas tamén basea as súas propostas neste ideario tecnolóxico que reafirma e sostén o statu quo. Salvando algunhas propostas cheas de carga política dos primeiros tempos nos que o discurso ecoloxista falaba de enerxías libres como emancipadoras, hoxe fálase nái ben de enerxías limpas ou enerxías alternativas, de aforro e eficiencia nun exercicio de integración posibilista que, dende o suposto socialdemócrata segue anulando calquera discurso seriamente transformador e perpetuando esa vertical concentración de poder e beneficios que exercen estado e capital. Capital e estado que promoven estratéxicamente o desenvolvemento tecnolóxico e a concentración industrial e urbana co afán finalista da acumulación de poder, anulando na práctica toda posibilidade de autoxestión a nivel local.

Sobre este problema da alta concentración industrial e produtiva xa nos advertía

Kropotkin no seu libro Campos, fábricas e talleres, publicado en 1898 no que propón unha estrutura produtiva diversificada, distribuída a pequena escala, baseada na multiactividade e no desenvolvemento integral do ser humano.

A triple crise sistémica que está hoxe empezando a preocupar a occidente ten a súa orixe na esencia autodestructiva do sistema económico que padecemos, no constante crecemento, no consumismo e na concentración industrial e de poder nas mans duns poucos. Non é posible falar de enerxías alternativas ou limpas, de eficiencia e aforro sen ter en conta cal é a causa central do problema. Se unicamente centramos os esforzos nos cuidados paliativos a enfermidade seguirá o seu curso mentres deixamos intacto ao axente causante do mal.

Temos por diante a complicada tarefa de recuperar un discurso político verdadeiramente liberador e transformador que teña en conta a raíz desta doenza sen limitarse a soste a esperanza cega nun modelo que a propaganda e os tecnócratas do réxime empñan en manter a toda costa, mesmo degradando condicións de traballo, liberdades e fomentando a doutrina do medo e as guerras para soste o beneficio empresarial, á industria de armamento e o control estratéxico dos recursos.

### Outro modelo social, económico E enerxético é preciso

O primeiro dos nosos obxectivos ten que ser, polo tanto, desenmascarar as mentiras que tratan de manter desesperadamente a fe no sistema e que están fortemente interiorizadas na sociedade de consumo. Un esforzo de difusión que trate de revelar con claridade as causas esenciais do problema e achegue propostas concretas que poidan materializarse de forma práctica e liberadora. Temos que dicir ben alto que os causantes da crise sistémica son que defenden o sistema económico e quen dende as institucións democráticas están a consentir e ser cómplices das desfeitas.

Continúa na paxina seguinte ...

## E VAN CORENTA !

Hai pouco máis dun ano que a planta de gas entrou en funcionamento e xa van corenta gaseiros que descargan nela.

Agora xa non son os mariscadores nen a cidadanía quen dificulta a entrada dos megabuques na ría, son as inclemencias do tempo que, a miúdo, obrigan a pospoñer estas incursións, demostrando o absurdo e perigoso da ubicación de Reganosa.

